
No 1º de maio levamos a defensa do “Emprego en Telefónica” á rúa



Porque non só vimos sufrindo con maior intensidade e dureza desde o último convenio o intento da empresa de mudar a natureza da relación laboral en Telefónica, o cambio do Contrato Colectivo que coñecemos de sempre por relacións laborais individualizadas, senón tamén a **redución da cantidade de emprego na provincia: 20 empregos menos** na provincia de Pontevedra desde xaneiro de 2008, data da entrada en vigor do actual Convenio.

Cómpre non esquecer que os responsábeis da sinatura do convenio (CC.OO. e U.G.T.), son os mesmos que se negaron no Comité provincial de Pontevedra sequera a pedir os datos ou a máis mínima explicación na Comisión de Xestión coa empresa, sobre o emprego na nosa provincia e as súas expectativas de futuro. **O seu argumento: “o importante é o cadro de persoal total”.**

Os que calan hoxe, son os mesmos que andaron “vendendo a moto” de que o Convenio contiña unha cláusula de ampliación de 500 empregos, dos que lle corresponderían á nosa provincia 10 prazas por “regra de tres simple”, o que nos dá un déficit de cando menos 30 prazas sen cubrir na provincia, mentres se externalizan tarefas e se empeoran a saúde e a calidade de vida dos traballadores/as forzando as gardas e quendas.

Debemos ser perfectamente conscientes de que non haberá “Emprego na localidade” sen “Emprego na Galiza”, e este non é posíbel sen “Emprego en Telefónica”. **A verdade dos feitos:** os datos apuntan a unha **redución global do cadro de persoal**, co silencio cómplice dos enterradores do “Emprego en Telefónica”. Outra proba de cargo contra o nefasto Convenio e os seus apoloxistas.

CONTRA A NEGOCIACIÓN PERMANENTE, MOBILIZACIÓN PERMANENTE

Pontevedra, 3 de maio de 2010